

Maxias de sabio

Os artigos periodísticos de Álvaro Cunqueiro conforman, sen dúbida, pezas literarias. E é que Cunqueiro non era un xornalista calquera. No artigo, na entrevista... era quen de amosar un xenio superior. O libro que estamos a reseñar, *El laberinto habitado*, é unha proba máis do talento que xa víramos en artigos agrupados en volumes como *Papeles que fueron vidas*, *Fábulas y leyendas de la mar*, *Tesoros y otras magias*, *Viajes imaginarios y reales*, *Los otros caminos*, *El pasajero en Galicia* ou *La bella del dragón*.

El laberinto habitado chega a nós con unha belísima presentación. Na portada aparece un debuxo case inédito de D. Álvaro, feito en 1961. A edición do libro correu a cargo de María Liñeira quen, durante varios anos, estivo en Barcelona investigando sobre o

Don Álvaro ou a forza do talento

ESTRO MONTAÑA

queles que non foron editados en formato libro.

Sorprendíase Cunqueiro do mal que envellecían os libros de Colette. A nós sorprende nos mindonien se o pulo que os seus artigos, como poemas cheos de aire fresco, teñen hoxendía. Erudición, amenidade, pluma áxil ao servizo dun mundo imaxinativo e irrepetible: velaí algunhas claves para explicar a admiración crecente que esperta D. Álvaro entre os que gostan de asistir a un verdadeiro festín da palabra escrita: un volume con máis de seiscentas páxinas que edita NigraTrea.

vez máis o Cunqueiro medievalista, escéptico, esperanzado, inventor de paraísos de ternura e da bondade. Ou sexa, nas antípodas de Sartre.

Este libro ten algo que ver coa conexión catalá do mindoniense, e súmase a publicación da súa obra periodística na barcelonesa *Taber*, que dirixía Perucho. Lembremos que tamén publicou en Cataluña, na colección "Ciempiés", os volumes de *El envés*, emblemáticos textos procedentes da sección co mesmo nome de FARO DE VI-GO.

Cunqueiro, inventor de citas, de personaxes e de poemas alleos que, supostamente, el traducía, nun exercicio de "alofonía fantástica", aparece agora cos textos de *Destino* agrupados tematicamente, non de xeito cronolóxico. A pintura, a cultura, os peregrinos a Santiago, a estampa papal, veneciana ou románica aparecen combinadas coa anécdota gastronómica ou os temas de Portugal.



traballo de Cunqueiro na revista *Destino*. A pescuda desta lectora de lingua e cultura galegas no The Queen's College da Universidade de Oxford valeulle para obter o diploma de estudos avanzados, e agora para entregarnos un traballo serio, rigoroso, cheo de entusiasmo. *El laberinto habitado* é unha selección dos artigos publicados por D. Álvaro na revista catalá entre 1961 e 1976, pero só da-

El laberinto habitado de seguro que

non defraudará, pois, a todos os lectores que gostan do peculiar estilo do autor. De novo Cunqueiro, a partir dunha anécdota, cóntanos unha historia cargada de fantasía, de sentimento, ás veces cun pouso melancólico agachado baixo unha aparencia irónica. Outra

TOPAMOS NESTE LIBRO O CUNQUEIRO INVENTOR DE PARAÍDOS DE TERNURA E BONDADE

Sabido é que D. Antonio Fraguas pediu o voto para o Estatuto de Autonomía durante a Segunda República, mesmo que lles solicitaba ás rapazas novas que votaran si, xa que o Estatuto lles garantiría un mozo para casar. O que é menos coñecido é que, despois dunha conferencia no Museo do Pobo Galego, un estudante de Antropoloxía lle preguntou por que era necesario ler a Cunqueiro. D. Antonio respondeulle que D. Álvaro era un Rei de Oriente. Se o lían os pobres, recibían un aguinaldo en Nadal e una bicicleta en Reis. Se o lían os ricos, aínda se consideraban máis felices de teren nacido. Por iso Cunqueiro debía chamarse Álvaro por sabio, pero tamén Melchor, Gaspar ou Baltasar, como quería a súa avoa paterna, pola maxia que o acompañaba.

CUNQUEIRO, Álvaro, *El laberinto habitado* (ed. María Liñeira) Ed. Nigra Trea, Vigo, 2007, páxinas.